

## Opinións recollidas no [blog da Biblioteca do IES Sánchez Cantón](#) no curso 2007-2008

1. Trata da historia de tres amigos, o Bocas, o Milhomes e o Castizo, que é quen a relata. O libro comeza co Castizo no cuartel sen que el saiba por qué o teñen alí metido. É un relato de intriga realmente apaixonante aínda que ata que sabes ben de que vai a historia pérdeste un pouco. O relato cóntase desde a perspectiva do Castizo sendo interrogado polos actos que cometeu pero sen a existencia de preguntas e que pouco a pouco nos vai contando o por qué da súa detención. Relátanos o que aconteceu nos días anteriores, nos que estivo de esmorga cos seus compañeiros de fatigas. O final é realmente interesante e inesperado, pero non o vou a desvelar para non quitarlle a ninguén as gañas de lelo. Particularmente gustoume, é fácil de ler, aínda que o galego que usa ás veces é un pouco complicado, pero creo que a perspectiva usada é novidosa e interesante. Recomendollo sobre todo aos que lle gusten as novelas de intriga nos que se coñece o final. Tamén é como unha crítica por parte de Blanco Amor á xente que sae de esmorga sen pensar nas consecuencias que poidan ter as súas accións. En xeral, bo libro. **(Joaquín)**

2. A miña opinión sobre este libro de Eduardo Blanco Amor é moi boa. É un libro que se estrutura como a declaración que Cipriano O Castizo fai diante do xuíz que está a investigar os feitos que ocorreron durante a noite que o protagonista pasou de esmorga. O narrador é sempre O Castizo e os sucesos que conta ocorreron dende que saíu traballar da súa casa pola mañá ata que o detiveron e o levaron ao cuartelillo, ao día seguinte. Este é o aspecto que máis me chamou a atención, os feitos que relata ocorren nunha soa noite mais son tantos que ao lector e ao propio narrador parécelle que ocorreron en moito máis tempo. Os feitos ocorren na vila imaxinaria de Auria que representa un Ourense de comezos do século XX ou anterior pois non aparenta ser unha cidade moderna. Nunha atmosfera sombría e chuviosa moi ben descrita os tres mozos pasan unha noite enteira de esmorga bebendo e meténdose en problemas cada vez maiores e dos que lles é imposible fuxir. O tempo do relato é lineal, é dicir, os feitos nárnanse por rigorosa orde posto que o obxectivo do Castizo é convencer ao xuíz de que el non participou nos feitos conscientemente, senón que os seus defuntos amigos tiveron toda a culpa. No comezo do libro vin unha crítica aos funcionarios que non son da Galiza e que polo tanto son alleos á realidade e á lingua galega. Por iso o Castizo dille en varias ocasións ao xuíz que "xa se ve que no é vostede de aquí". Tamén critica os desmedidos métodos que usa a garda civil porque conta que bateron nel cando estaba preso, e para el isto non é de "bos cristiáns". Por outra banda descríbese moi ben o ambiente, unha noite de chuva e frío e os tres mozos que entran e saen das quentes tabernas ateigadas de arrieiros e outras personaxes que se protexen do mal tempo. A linguaxe usada polas personaxes é un galego dialectal da zona de Ourense (bloque central) da zona de Ourense. Un aspecto que me chamou a atención é o que O Castizo chama "o pensamento". É un sentimento moi malo que ten o protagonista ás veces, e dedica moito tempo a explicarllo ao xuíz, seguramente como desculpa para non ter sido quen de deixar aos dous compañeiros e evitar así calquera relación coas mortes. O pensamento debe de ser algunha enfermidade mental, ou simplemente algo inventado polo Castizo para darlle pena ao xuíz. O desenlace do relato é moi bo, está moi ben descrita a situación de modo que ata o lector chega a sentirse morto de cansazo despois dunha noite enteira de esmorga. Malia isto, son evidentes as intencións do Bocas, e máis cando O Castizo conta a historia de Socorrito. Resulta sorprendente ... Tamén dá que pensar se todo o que di Cipriano na súa declaración será verdade, ou estará a botarlle enriba a culpa aos dous compañeiros mortos. A verdade é que, se quixer, podería ter axudado á Socorrito, o que semella é que preferiu durmir a mona que evitar que O Bocas cumprise o seu propósito. En resumo, o libro "A Esmorga" paréceme un libro excelente e gustoume moito, pois tanto o argumento como a ritmo do relato fan que quedas enganchado á lectura e que desexes coñecer o final. **(R. Javier)**

3. *A esmorga* é o primeiro libro que leo de Eduardo Blanco Amor, resultoume unha obra bastante entretida e moi fácil de ler, xa que ten un argumento moi sinxelo pero ao mesmo tempo entretido. A obra narra a historia de tres amigos "Cibrán", "o Bocas" e o "Milhomes" aos que lle suceden unha chea de situacións moi raras e incluso surrealistas. Todo isto desenvólvese nun curto espazo de tempo, unha noite de esmorga. Quizais o que menos me gustou da obra foi a súa linguaxe xa que ás veces utilizaba palabras ou expresións xa en desuso. Pola contra o que máis me gustou foi o humor con que se narra toda a obra. En definitiva, recomendaría este libro, xa que creo que pasarás un agradábel rato lendo en galego. **(Noela)**

4. Na miña opinión, Eduardo Blanco Amor fai en poucas páxinas unha narración que abrangue descrições tanto obxectivas como subxectivas. En canto ás obxectivas, o autor describe unha vila galega (Auria) e os seus costumes (en tres tempos narrativos). Así mesmo, recolle as expresións e o léxico empregado que, como é lóxico, non se corresponde ao galego normalizado pero é doado de comprender. Dunha forma máis subxectiva, Eduardo Blanco Amor expresa o seu desprezo polo abuso da autoridade (neste caso a da Garda Civil) e critica o castelán nos cargos públicos da Galiza, no texto cada vez que fala o xuíz deixa o correspondente espazo, é unha burla cara ás persoas que intentan falar castelán para semellar máis nivel social. Tamén fai unha reflexión sobre o "pensamento", algo diferente ao cavilar e que podemos asemellar á conciencia. Durante toda a obra atopamos dous elementos que cobran importancia: A noite e o lume, que se os relacionamos co alcol e a falcatrada temos como resultado a esmorga. O

autor tamén expresa a influencia dos demais sobre un mesmo (o caso de Cibrán que é influenciado polo Bocas e Milhomes) e que baixo os efectos do alcol un non é responsábel dos seus actos (o Bocas forzando a Socorrito e o Milhomes matando ...). Tamén recomendo ler "Xente ao lonxe" de Eduardo Blanco Amor que é a evolución no século XIX desde a mítica Auria. **(Adrián)**

5. A *esmorga* é o primeiro libro que leo de Eduardo Blanco Amor e resultoume unha obra moi orixinal. A obra desenvólvese nun..., onde un dos protagonistas (o Castizo) cóntalle a un xuíz os feitos que aconteceron nunha noite de esmorga na que estaban implicados o propio Castizo e os dous compañeiros o Bocas e o Milhomes. Un dos aspectos máis positivos deste libro, aparte da súa orixinalidade, é o ben que amosa o autor a incertidume que ocasionan as borracheiras. Isto provoca que o lector non saiba o que vai a suceder porque a historia non segue ningunha lóxica. Nos aspectos negativos gustárame destacar, por unha parte, o uso dunha linguaxe antiga que dificulta bastante a súa lectura e, por outra parte, a excesiva repetición por parte do autor dalgúns descrições dos personaxes. Na miña opinión, nesta obra o autor pretende criticar a esa xente que non ten ningún reparo en beber até perder o sentido sen pensar nas consecuencias para el mesmo e para o seu contorno. Ademais, o autor tamén realiza unha crítica das persoas que intentan aparentar o que non son. En xeral, paréceme un libro divertido e recomendo a súa lectura a todo o mundo, pero sobre todo, aos mozos e mozas da miña idade. **(Jorge)**

6. A *esmorga* é unha novela de Eduardo Blanco Amor. Esta narra a historia de tres amigos: Cibrán, o Bocas e o Milhomes nunha noite de esmorga. Está narrada por Cibrán, xa que está a contar todo o sucedido nesa noite de esmorga ante o xuíz, xa que entre moitas maldades morren o Bocas e o Milhomes. O principio do libro é un pouco lioso, pero cando xa te decatás de que Cibrán está falando do pasado xa que ten que ser axustizado, resulta moi entretida e engaiolante. Encántame o vocabulario empregado pola personaxe, e fixéronme rir algunhas expresións do libro. A miña personaxe favorita nesta historia é Cibrán. Dáme mágoa que se deixara levar desa maneira polos seus amigos, pero así a todas, collílle moito aprecio na lectura e fastidioume que acabara ... En definitiva, non deixedes de lelo nas primeiras páxinas ó ver que non entendedes nada, xa que se acougades un pouco, pronto vos submerxerades nas aventuras destes 3 mozos. Sen dúbida, recomendo lelo xa que é curtísimo e ten vocabulario simple. **(Sara)**

7. A *esmorga* é unha novela que relata un suceso que aconteceu hai tempo na propia cidade do autor -E. Blanco Amor-, en Auria (Ourense). Tres homes, Cibrán o Castizo, Xan o Bocas e Eladio o Milhomes, personaxes marxinais da clase baixa da Galicia daquela época (principios do século XX) son os protagonistas de 24 horas de esmorga nas cales a medida que pasa o tempo, máis que unha festa é un intento de escapar da xustiza, pero tamén de gozar as que poderían ser as súas derradeiras horas de liberdade, xa que se lles atribúe, entre outras cousas, un asasinato e un incendio a un pazo. O libro trata de reflectir, a través da experiencia do autor, o ambiente e a sociedade, neste caso concreto a ourensá, que comprende distintas clases sociais, dende a clase traballadora (exemplo claro os protagonistas), as prostitutas (moi presentes no relato, tanto para os protagonistas como para os altos estamentos sociais), a fidalguía, e os funcionarios (o xuíz, a Garda Civil), os cales representan ás persoas de fóra de Galicia que viñan traballar aquí sen coñecemento da lingua e da realidade galega. En resumo, un bo libro para coñecer algo máis do pasado galego, aínda que está escrito en galego non normativo, pero é sinxelo de ler e moi ameno. **(Tamara)**

8. Este é un libro no que se relatan os sucesos ocorridos durante un día de esmorga ao Castizo, o que os conta, ao Bocas e ao Milhomes e o seu trágico remate. É un libro bastante entretido e doado de ler, que, persoalmente, gustoume moito. O relato está formado polos 5 capítulos que son unha declaración feita por Cibrán, o Castizo, a un xuíz do que non aparece na intervención, tal vez para subliñar que a Xustiza só está para condenar. Cibrán é o narrador dos sucesos acontecidos aos tres personaxes, desde o seu encontro ata a detención del mesmo pola Garda Civil, tras o asasinato do Bocas a mans do Milhomes e a morte deste. Os protagonistas móvense por diversos escenarios do ambiente urbano onde pouco a pouco se mesturan breves historias secundarias, algunhas moi cómicas, con múltiples personaxes. Todas estas accións están condicionadas por unha climatoloxía-chuvia, xeadas- recorrente na novela. Sen embargo, o capítulo V remata coa dúbida de se o Cibrán morre no xulgado vítima das torturas ou se se suicida. A pesar diso non é nada confuso nin complicado. De feito é unha novela que emprega unha lingua popular que vén xustificada pola condición social dos personaxes e na que o autor, Eduardo Blanco Amor, recrea este ton e sintaxe popular e pon de manifesto, mediante a declaración de Cibrán, o drama do marxinado, incapaz de ser dono do seu destino, debido aos determinantes psicolóxicos e sociais. En resumo, é un libro moi bo, cunhas historias entretidas e cunhas reflexións nas que reflexa bastante a vida da xente do rural. Eu o recomendo xa que engancha moito. **(Sara)**

9. O libro de "A esmorga" trata sobre tres amigos nunha noite de esmorga. É narrado en primeira persoa por Cibrán que lle conta a historia a un ... na ... Conta como encontrou ao Milhomes e o Bocas cando ía a traballar nun día chuvioso e estes o convenceron para ir con eles de esmorga. A partir disto comeza unha serie de sucesos que aclaran a situación de Cibrán na ... dando explicacións. Na miña opinión é un libro difícil de ler xa que está nun galego antigo e o narrador líase moito contando cousas sen que pase nada de acción, aínda que cando pasa, pasa todo moi rápido.

Custoume moito traballo ler este libro pero recoñezo que se fai entretido a medida que avanza. Así que, con todo isto, recomendo este libro. **(Julio)**

10. O libro "A esmorga" de Eduardo Blanco Amor narra a historia de tres amigos, Cipriano o Castizo, Xan o Bocas e Aladio o Milhomes nunha noite de esmorga que comeza mal e remata peor. O relato nárrao o Castizo en primeira persoa, mentres mantén a súa defensa ante un xuíz polos feitos acontecidos durante esa noite. As frases do xuíz non aparecen no relato, aínda que se sobreentenden nas intervencións que realiza o narrador contestando ao xuíz. As intervencións do xuíz suponse que son en castelán, por iso o autor as suprime, e só pon un guión e puntos suspensivos para que se sobreentenda que aí fala o xuíz. Creo que é unha obra moi interesante e apropiada para ler neste curso. É entretida e sinxela de ler pola súa extensión, o único problema que posúe e que, ás veces, non é doado entender algunhas palabras do galego de Auria, pero enténdese ben na maioría da obra. Dende o meu punto de vista, é unha obra moi boa, que narra feitos interesantes e ao mesmo tempo conflitos por mor da bebida excesiva durante unha noite de esmorga que non ten un final feliz para ninguén. É diferente no final, non remata como tódalas obras, e por esa razón gustoume moito, porque non é o de sempre, é diferente. **(Iván)**

11. A miña opinión sobre esta historia de "A esmorga" escrita por Eduardo Blanco Amor é bastante boa, xa que aínda que estou en desacordo con algunhas accións das cometidas neste relato de intriga, creo que os excesos feitos polos protagonistas non deberían de mostrarse así (como beber tanto, etc). Os dous amigos que ían de esmorga liaron ao Castizo para que fose con eles e así acabar como acabou, sentado diante dun xuíz contándolle todo o que pasara aquela noite, o medo que el tiña, a conciencia que o remordía no estómago... Moitos diranse que o autor fixo ben en acabar co Castizo como o fixo pero, eu penso que non debería de morrer tal e como pasou, xa que aínda que el andou cos seus amigos tampouco non lle provocou un mal á humanidade para acabar así. Aínda que me encontro en desacordo con algunhas cousas iso non quere dicir que o libro sexa malo, pois recoméndolle a todos os que lle guste a intriga. **(Paula)**

12. Neste libro Cibrán, un dos tres homes que saen de troula, cóntalle a un xuíz, tódalas súas falcatruadas que fan ao saír de festa. Os outros dous que acompañan a Cibrán son "o bocas" e "o milhomes", Cibrán encóntraos pola rúa mentres estes pelexaban, despois diso, únese a eles na soa procura de novas falcatruadas. No libro relátase moi ben o ambiente da época, caracterizando aos personaxes, os distintos lugares polos que pasan, os delitos que comenten, etc. O final do libro é bastante tráxico xa que morren ..., pero en xeral gustoume bastante, xa que é unha historia entretida e de intriga que resulta amena, aínda que o léxico resulta un pouco complicado, e desa forma faise máis pesada a lectura, pero segue sendo un libro moi recomendable. **(Julián)**

13. O relato de Eduardo Blanco Amor, trata da noite de esmorga que pasaron os tres amigos, protagonistas do relato, na vila de Auria. A obra é narrada por un dos personaxes "Cibrán" na ..., contando os feitos que sucederan. A aventura comeza cando Cibrán vai ó traballo, de camiño encóntrase con O Bocas e mais Milhomes, dous amigos del que estaban bébedos e a pelexarse. Cibrán convencido por eles, acaba por no ir ó traballo e vaise de esmorga con eles. O resto da historia conta a súas aventuras, nesa noite de festa tan chuviosa e fría, na que non deixaban de meterse en problemas... ata que ao final morren ... do relato. En resumo, foi unha novela que me gustou bastante, fácil de ler aínda que ás veces tiña un vocabulario algo complicado. Destaca pola súa intriga que foi o máis atractivo do libro e polas trasnadas destes tres homes. É un libro que recomendo a calquera tipo de lector e que creo que gustará a todos. **(Joaquín)**

14. A *esmorga* é unha novela de Eduardo Blanco Amor. Esta novela trata sobre un día de borracheira de tres amigos, os cales se chaman: Cibrán, Bocas e Milhomes. De aí vén que a novela se chame a esmorga xa que un día de festa que non remata moi ben para os personaxes. A acción da historia realízase en Auria (Ourense). O libro en xeral gustoume bastante xa que esperaba que fose máis difícil de ler, aínda que tiveron algunha complicación porque o libro está escrito en galego antigo e ás veces o narrador, Cibrán, líase un pouco ao narrar a historia. A historia é bastante entretida, e moitas cousas que ocorren nela non as esperas, isto tamén é o que fai aínda máis interesante a historia. O autor reflicte nesta obra ás clases sociais máis baixas representadas polos 3 personaxes da historia. Creo que o libro é moi integrante xa que ten un final que non te esperas da historia, e tamén é moi interesante todo o que fixeron antes os personaxes para acabar como acabaron, así que recomendo este libro. **(Pedro)**

15. Este libro de Eduardo Blanco Amor, tituado "A Esmorga", narra a historia que viviron tres amigos bébedos. O relato prodúcese nun xuízo, e nel só coñecemos as contestacións do acusado, o Castizo, tendo que imaxinar nós mesmos cales son as preguntas. Os tres amigos pasan as noites baixo a choiva que non cesa nunca, bebendo augardente e protagonizando episodios como a queima dun pazo, un asasinato nunha taberna, a entrada en dous clubs de alterne

e varios roubos, namoramentos e un final trágico que fai que a historia sexa bastante imprevisible, á vez que é tamén bastante dubidoso porque podemos interpretar o final de dúas formas diferentes. Sen dúbida, pareceume un libro moi entretido e interesante, e recoméndollo a tódolos afeccionados da lectura galega que haxa nesta web. **(Andrés)**

16. Nesta novela Eduardo Blanco Amor cóntanos os acontecementos que lle suceden a tres homes (O Bocas, o Milhomes e Cibrán) durante toda unha noite de esmorga pola cidade de Auria. O texto preséntase como a declaración de Cibrán ante o xuíz, da cal non coñecemos as preguntas que lle fai o xuíz a Cibrán xa que son omitidas ao longo de todo o relato. É un libro que pese a non ter un vocabulario moi sinxelo, o autor emprega nalgunhas ocasións palabras xa en desuso, gustoume bastante especialmente a medida que van sucedendo os acontecementos. Trátase dunha obra que recomendo a todos os meus compañeiros xa que ademais de facernos gozar coa súa lectura axúdanos a coñecer mellor a Galicia da época. **(Alba)**

17. É unha novela de Eduardo Blanco Amor a cal narra a historia de tres amigos: Cibrán, o Bocas e o Milhomes nunha noite de borracheira. O narrador da obra é Cibrán, o cal narra (ante un xuíz) o acontecido nese tempo de esmorga. Na miña opinión, esta novela resultoume difícil de ler, xa que emprega un galego moi coloquial, e moitas había moitas palabras que non entendía. Pero en definitiva, deixando a un lado a miña opinión, penso que esta novela deberíamos de lela algunha vez na vida, xa que é a mellor obra deste autor e unha das grandes dentro da literatura galega contemporánea. **(Alexandre)**

18. Este libro escrito por Eduardo Blanco Amor, desenvolve unha historia de tres compañeiros que van de esmorga durante días? e cóntanos paso por paso as loucuras que se poden chegar a facer baixo os efectos do alcohol e os trágicos desenlaces que se poden ocasionar. O narrador é un dos tres esmorguistas que lle conta paso a paso os sucesos a un policía? baixo un interrogatorio. Comeza un día pola mañá cando Cibrán sae para traballar nas obras da carreteira, cando polo camiño se atopa con dous coñecidos que estaban de esmorga o Milhomes e o Bocas, cando se da conta comeza con eles tamén a esmorga. Dende comezar na taberna tomando algo para sacar o frío pasando polo pazo dos Andrade vendo a unha fermosísima muller, ate queimando un pazo, pero a historia acaba cun desenlace desgraciado xa que o Milhomes mata o ... por estar a enganar a Socorrito unha muller do pobo que tiña problemas mentais, e e.... Persoalmente gustoume moito o libro xa que nel nos mostra paso a paso todo o que sucedeu e como nun simple día e como poden cambiar as cousas en tan pouco tempo, nas consecuencias do abuso do alcohol, neste caso o Bocas non para ata que consegue o que quere sen pensar as consecuencias. É un relato entretido xa que é unha historia real que nos podería pasar a calquera de nós; ademais non se coñece o desenlace ata o final, deste modo o libro engánchate completamente na historia. **(Ana)**

19. Este libro transmítenos a conversa entre un xuíz e Cipriano Canedo, tamén chamado Cibrán ou Castizo, nun diálogo onde só aparecen as explicacións que este último dá acerca da súa actuación durante un tempo de esmorga cos seus compañeiros Xanciño "o Bocas" e Aladio o "Milhomes". Nesta conversa inclúe tamén detalles da súa vida coa finalidade de que o xuíz entenda mellor a súa posición. Segundo a súa versión, os seus compañeiros apareceron cando el se dirixía ao seu traballo. Debido ao mal tempo, convencérono para acompañalos a tomar algo, sendo isto o inicio dunha longa e esgotadora xornada onde os tres percorreron todo tipo de locais como bares e tabernas, quedando cada vez máis bébedos. Tamén se introducen en casas alleas e rouban e causan escándalos e pelexas. En todo momento Cibrán expresa as súas ansias de dar volta atrás, pero ao non facelo vaise involucrando cada vez máis nos erros dos seus supostos amigos, decatándose finalmente de que non os coñecía tanto como pensaba. Finalmente hai que engadir que as supostas preguntas que lle fan non figuran no libro, aínda que coas respostas pódense imaxinar. Non me gustou moito o tema que trata. Sen embargo é un libro bastante orixinal, nas cuestións da fala e dos personaxes, que aparecen moi ben definidos e que son máis comprensibles a medida que avanza a narración. Por outra parte, ao omitir as preguntas, créase unha atmosfera de dúbida que lle dá certo interese. **(Isabel)**

20. Neste libro de Eduardo Blanco Amor, un dos máis exitosos da súa carreira, o autor trata de nos narrar o trágico desenlace duns individuos marxinados pola sociedade despois dunha noite de esmorga e bebedela. Pareceume un bo libro, no sentido de que mantén a intriga até o final. Ademais, na miña opinión está moi ben estruturado en cinco capítulos que están divididos segundo os diferentes días da declaración do Cibrán, o narrador, ante un xuíz. O espazo tamén está moi ben definido, todo acontece na cidade de Auria e describe moi ben tanto tabernas, mesóns ou prostíbulos. Tamén o ambiente está moi claro, unha noite horrorosa con frío e chuvia, está presente ademais continuamente no relato. Pola contra, non me gustou sobre todo a linguaxe non normativa da obra, xa que isto dá lugar a erros na escrita por parte nosa. En conclusión, gustoume bastante o libro pola súa trama aínda que é un pouco lento para o meu gusto, recomendo a obra para nenos da nosa idade ou maiores. **(Pablo)**

21. O libro trata sobre o que lles acontece a tres homes, o Bocas, o Milhomes e o Castizo nunha noite de esmorga. Este último é quen relata tódolos acontecementos cando é interrogado na ... sen saber moi ben porque se atopaba alí.

O relato comeza dunha forma un pouco parada pero a medida que o vas lendo engancha bastante, xa que quedas con ganas de saber o que vai ocorrer ao final, porque estes tres amigos non paran de beber e non se sabe o que vai ocorrer a continuación. O galego que emprega as veces resulta un pouco custoso de entender pero polo demais está moi ben narrada a historia. En xeral gustoume bastante o libro porque amosa as consecuencias de beber tanto e sen control, xa que acabas facendo cousas que estando normal nunca as farías. Recomendo o libro xa que e de lectura rápida e a medida que avanza a historia vai enganchando. (J.Ramon)

22. "A Esmorga" é un libro que relata os sucesos ocorridos nun pobo galego durante aproximadamente día e medio. A verdade é que este libro non me gustou moito porque me pareceu pesado e non logrou intrigarme o máis mínimo a pesar de ser un libro de suspense, o que deixa bastante que desexar. Por outro lado é realmente incómodo de ler pola extrema vulgaridade da fala xa que moitas veces as palabras cambian por completo e penso que é excesivo. Aínda que ten certas partes interesantes polo medio, a saber, a do pazo e a estraña muller que "habitaba" nel, que é un dos momentos nos que por fin se goza un pouco da lectura, e a "escena final" a última páxina que é onde hai un pouco de acción. Penso que o libro podería estar moito mellor xa que a historia e o planeamento son bos, pero a narración, para o meu gusto, que non é cuestión de menosprezar o libro nin o traballo de ninguén, podería ser moi mellorable. En resumo, quedei pouco satisfeita con este libro xa que me falaran moi ben del e decepcionoume bastante. (Raquel)

23. Este libro é un relato sobre tres amigos: Cipriano (Castizo), o Bocas e o Milhomes que é un grupo de homes bébedos que grazas ao alcohol estragan as súas vidas nunha noite. Ao principio o libro pode converterse en algo un pouco aburrido por que creo que o autor mete moita palla na historia que narra o "Castizo". Creo que a historia vaise animando dende a chegada dos amigos ao pazo cando plantan lume. Este relato reflicte moi ben a sociedade da época. O emprego do galego non normativo por parte do Castizo dálle á historia bastante credibilidade aínda que ás veces teñas que repasar a palabra que acabas de ler. O realmente interesante da historia chega coas arroutadas que ten o Bocas, o seu namoramento, o descubrimento de que o seu namoramento era unha boneca, o intento de escape de Auria, e finalmente a morte do ... O libro non está mal, xa que ten un final inesperado, unha historia que podería real e trágica, o único inconveniente que vexo é o principio do libro. (Diego)

24. A Esmorga foi unha obra que me pareceu moi entretida e orixinal. É de fácil lectura, sen termos descoñecidos e utiliza un galego moi coloquial, o que lle dá máis realismo ao relato. Penso que o argumento é simple pero eficaz, xa que mestura o cómico, como poden ser as cousas e estropicios que fan, coa desgraza, coa morte de dous dos protagonistas, cun forte costumismo, e, dende o meu punto de vista, unha crítica á alta sociedade (curas, caciques, gardas civís, etc.). O libro é sinxelo para ler, xa que os termos son cotiáns e non son rebuscados, ademais de que a falta de cultismos facilita o entendemento. Creo tamén que non deixa de ter grandes exaxeracións, xa que nun día que están de esmorga, beben bastantes litros de alcohol sen que lles afecte, ademais de que o protagonista anda quilómetros e quilómetros cos sabañóns e os pés desfeitos. Algo que tamén vin como orixinal foi a forma na que se presenta a obra. O diálogo entre o xuíz, o cal só podemos deducir o que di polas respostas do protagonista, interrogado e que mostra incomodidade ante o xuíz e a lei. En xeral, este libro gustoume moito e rin con el. Paréceme moi entretido e divertido, con historias absurdas pero que poderían entrar no posible se un se pon na situación da esmorga en si. (Álvaro)

25. A Esmorga é unha obra sorprendente. Cando comezas a lela faise algo pesada porque non sabes moi ben de que vai, pero en canto deixas atrás as primeiras páxinas ese ton aburrido co que o definías ao principio o substitúese por divertido e intrigante. O Castizo, un dos tres protagonistas de historia, conta e describe durante toda a obra a un xuíz a noite de troula que pasou á beira dos seus amigos, o Milhomes e o Bocas. Nun principio el saía a traballar como cada día pero polo camiño tropezo cos estes dous amigos que xa estaban bébedos e como o Castizo tiña problemas coa súa muller e... ben unha cousa levou a outra e a necesidade de falar con alguén (e de non ir traballar co día que ía que non paraba de chover) fixo que se unise, e marcharon os tres de esmorga. Acontécenlle unha chea de cousas e raras situacións que por sorte ou por desgraza son capaces de esquivar ata que acaban morrendo os tres. O vocabulario que usa Blanco Amor nesta obra resulta ás veces algo cargante e pesado de ler pero en xeral é un libro flexible, no sentido de que non ten gran dificultade. A isto únese que non é moi longo e que é divertido e fai que sexa realmente entretido. Persoalmente recoméndollo aos meus compañeiros. (Aldara)

26. Arrepíntome de non ter escollido este libro antes. A impresión de que non sería entretido ou de que sería pouco doado de entender levoume a escoller outros antes que este, e a pasalo por alto antepondo outros. Agora que remato de lelo coido que non podo vulgar (nunca mellor escollida a expresión) un libro pola portada. Enganchoume o seu argumento trouleiro e desenfadado, e a súa forma de narrar tan acorde coas persoas que se describen. Tardei tan pouco en lelo que me resultou aínda máis real que os acontecementos pasasen todos nunha soa noite de esmorga. Agradoume moito máis do que esperaba ao principio, e aínda que contén algo de vocabulario ás veces pouco comprensible, é sinxelo de ler. (Xulia)

27. O libro "A esmorga" de Eduardo Blasco Amor é unha obra de temática realista que trata das derradeiras vinte e catro horas de esmorga de tres homes na cidade de Auria (nome imaxinario que o autor lle dá á cidade de Ourense): o "Castizo", o "Bocas" e o "Milhomes". En xeral a obra resultou entretida, pois nunca se pode un imaxinar as cousas disparatadas que poden facer tres persoas bébedas de xolda por nunha cidade, e esa especie de "intriga" é a que mantén o fio da lectura ao longo de todo o relato. A linguaxe empregada polo autor, non normativa debido á época na que foi escrita a obra, pode resultar unha dificultade engadida para a comprensión dalgúns fragmentos, pero se se presta atención se se releentando comprender a mensaxe, cáptase sen problemas. Persoalmente, non foi unha das obras que máis me gustou, pois é unha temática moi realista, e está estruturada en forma de diálogo entre Cibrán e o xuíz. Gústanme máis as obras que mesturan temática fantástica ou de tradición popular, e as de misterio baseadas na Galicia máis rural. Sen embargo, podo dicir que "A esmorga" é unha obra totalmente recomendábel, sobre todo tendo en conta que agora o tema do alcohol e o botellón está tan de actualidade. **(Eduardo)**